

ESTÁS NUN ESPAZO PROTEXIDO:
OBSERVEMOS CON RESPECTO
O QUE HAI AO NOSO REDOR.
GRAZAS

ESTÁS EN UN ESPACIO PROTEGIDO:
OBSERVEMOS CON RESPECTO
LO QUE HAY A NUESTRO ALREDEDOR.
GRACIAS



@MAmbienteXunta
cmatv.xunta.gal



Parque Natural O Invernadeiro

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA NATURALEZA
Ribeira Pequena s/n 32547
Vilariño de Conso - Ourense



Ruta 2

Ruta da Aceveda / Ruta de A Aceveda



Inicio / fin: casas da Ribeira Pequena

Inicio / fin: casas de A Ribeira Pequena

Descrición da ruta. Comeza nas Casas da Ribeira Pequena, pasa polos antigos viveiros da Papelera Española e sobe entre piñeirais ata un miradoiro cunha boa vista do val do río Ribeira Pequena. Segue ata a Caseta do Birlauto, onde hai outro miradoiro. Percorre as partes altas da serra do Fial das Corzas e, despois de atravesar varias corgas (cursos de auga de pouco caudal nunha pendente) que desembocan no río principal, colle unha senda á altura de Cabeza de Fuso que, a través dun piñeiral, conduce a unha plantación de acivros preto do actual viveiro do parque natural, onde acaba a ruta. Esta ruta foi declarada Sendero Azul en 2024, o primeiro da provincia de Ourense.

Descrición de la ruta. Comienza en las Casas de la Ribeira Pequena, pasa por los antiguos viveros de la Papelera Española y sube entre pinares hasta un mirador con buena vista del valle del río Ribeira Pequena. Sigue hasta la Caseta do Birlauto, donde hay otro mirador. Recorre las partes altas de la sierra O Fial das Corzas y, después de atravesar varias corgas (cursos de agua de poco caudal en una pendiente) que desembocan en el río principal, coge una senda a la altura de Cabeza de Fuso que, a través de un pinar, conduce a una plantación de acebos cerca del actual vivero del parque natural, donde acaba la ruta. Esta ruta fue declarada Sendero Azul en 2024, el primero de la provincia de Ourense.

REDE DE PARQUES NATURAIS / RED DE PARQUES NATUREALES

Parque Natural O Invernadeiro

Guía e plano / Guía y plano



PARQUE NATURAL O INVERNADEIRO

Un segredo natural no sur do Macizo Central

As 5.722 hectáreas do Parque Natural O Invernadeiro, declarado en 1997, son unha auténtica reserva da natureza única en Galicia pola súa extensión e a ausencia de poboacións humanas dentro dos seus límites. É unha área montañosa configurada polos vales dos ríos Ribeira Grande e Ribeira Pequena e encadrada polas serras de Queixa e O Fial das Corzas, con picos de máis de 1.600 m. Sitúase no sur do Macizo Central ourensán, unha zona de especial conservación (ZEC) integrada na rede europea de espazos protexidos Natura 2000.

Enclavado nunha área de transición entre as rexións biogeográficas eurosiberiana e mediterránea, acolle unha flora e fauna de grande interese con especies de ambos os dous mundos. Uceiras, xesteiras, carballeiras de carballo común e de rebolo, bidueirais, abeledos e bosques de ribeira conforman a vexetación natural. Inclúe numerosas especies de plantas endémicas, raras ou ameazadas de extinción, como o *Eryngium duriaei* subespecie *Juresianum* ou a *Festuca graniticola*, exclusiva do Macizo Central ourensán.

Entre a súa fauna salienta a de mamíferos, de valor excepcional en Galicia, da que forman parte especies como o lobo, o gato bravo, a marta, o armiño, a cabra brava, o cervo ou o rebezo. Tamén é moi notable a avifauna, sobre todo pola presenza de aves de rapina (aguiá real, aguiá cobreira, tartarafa cincenta, falcón peregrino, bufo real...) e da charrela ibérica, especie de perdz ameazada. Outra habitante destacada é a vibora fociñuda, de distribución restrinxida en Galicia a uns poucos puntos da provincia de Ourense.

Aínda que hoxe está deshabitado, o patrimonio material do parque dá conta dos intensos aproveitamentos humanos de que foi obxecto no pasado: curros, muíños, cabanas de pastores, barrios de carboeiros ou as instalacións de Papelera Española, dona dos terreos entre 1949 e 1984, ano en que os comprou a Xunta de Galicia para os declarar refuxio de caza e pesca e, posteriormente, crear este singular parque natural.

PARQUE NATURAL O INVERNADEIRO

Un secreto natural en el sur del Macizo Central

Las 5.722 hectáreas del Parque Natural O Invernadeiro, declarado en 1997, son una auténtica reserva de la naturaleza única en Galicia por su extensión y la ausencia de poblaciones humanas dentro de sus límites. Es un área montañosa configurada por los valles de los ríos Ribeira Grande y Ribeira Pequena y encuadrada por las sierras de Queixa y O Fial das Corzas, con picos de más de 1.600 m. Se sitúa en el sur del Macizo Central ourensano, una zona de especial conservación (ZEC) integrada en la red europea de espacios protegidos Natura 2000.

Enclavado en un área de transición entre las regiones biogeográficas eurosiberiana y mediterránea, acoge una flora y fauna de gran interés con especies de los dos mundos. Brezales, retamales, robledales de roble común y melojío, avellanadas y bosques de ribera conforman la vegetación natural. Incluye numerosas especies de plantas endémicas, raras o amenazadas de extinción, como el *Eryngium duriaei* subespecie *Juresianum* o la *Festuca graniticola*, exclusiva del Macizo Central ourensano.

Entre su fauna destaca la de mamíferos, de valor excepcional en Galicia, de la que forman parte especies como el lobo, el gato montés, la marta, el armiño, la cabra salvaje, el ciervo o el rebeco. También es muy notable la avifauna, sobre todo por la presencia de aves de rapiña (águila real, águila culebrera, aguilucho cenizo, halcón peregrino, búho real...) y de la perdiz pardilla, especie de perdz amenazada. Otra habitante destacada es la vibora hociñuda, de distribución restringida en Galicia a unos pocos puntos de la provincia de Ourense.

Aunque hoy está deshabitado, el patrimonio material del parque da cuenta de los intensos aprovechamientos humanos de que fue objeto en el pasado: curros, molinos, cabañas de pastores, barrios de carboneros o las instalaciones de Papelera Española, dueña de los terrenos entre 1949 y 1984, año en que los compró la Xunta de Galicia para declararlos refugio de caza y pesca y, posteriormente, crear este singular parque natural.

Ruta 1

Ruta de Valdeirexa



Inicio / fin: casas da Ribeira Pequena

Inicio / fin: casas de la Ribeira Pequena

Descrición da ruta. Sae da coñecida como Ribeira Pequena; pasados uns 300 metros aparece o cercado dos cervos e, camiñando 500 metros máis, chégase ao punto inicial de observación do cercado. O ascenso continúa ata a cota máis alta da ruta: 1.223 metros, lugar desde o que se divisa unha fermosa panorámica da Ribeira Pequena.

Descrición de la ruta. Parte la ruta de la conocida como Ribeira Pequena; pasados unos 300 metros aparece la cerca de los ciervos y, tras 500 metros más, se llega al punto inicial de observación del cercado. Desde aquí, el ascenso continúa hasta la cota más alta de la ruta: 1.223 metros, lugar desde el que se divisa una hermosa panorámica de la Ribeira Pequena.

Por unha senda á esquerda, a poucos metros, chégase ao miradoiro das cabras bravas, onde se poden observar nas primeiras horas do día. É recomendable o uso de prismáticos ou telescopio para observar a fauna a distancia desde os miradoiros.


Por una senda a la izquierda, a pocos metros, se llega al mirador de las cabras bravas, donde se pueden observar en las primeras horas del día. Se recomienda el uso de prismáticos o telescopio para observar la fauna a distancia.

O regreso realizase pola mesma senda.

El regreso se realiza por la misma senda.

Ruta 3

Ruta das Troitas / Ruta de las Truchas



Inicio / fin: Aula da Natureza

Inicio / fin: Aula de la Naturaleza

Descrición da ruta. O percorrido iníciase na Aula da Natureza. Tómase a pista que comunica coa Ribeira Pequena, ata un pouco antes da ponte, onde nos desviaremos á dereita polo sendeiro que discorre pola marxe do río Ribeira Grande, para apreciar a beleza da canle e da vexetación de ribeira que o acompaña. A 1,5 km da aula, atópase unha charca artificial que é un refuxio crucial para diversas especies de anfíbios, réptiles e libélulas. A súa localización no parque permítenlles a estas especies levar a cabo o seu ciclo de vida, desde a posta ata o seu desenvolvemento como adultos. Ademais, contribúe a favorecer e mellorar o seu hábitat. A volta realízase pola pista que ascende cara á aula.

Descrición de la ruta. El recorrido se inicia en el Aula de la Naturaleza. Se toma la pista que comunica con la Ribeira Pequena, hasta un poco antes del puente, donde nos desviaremos a la derecha por el sendero que discurre por el margen del río Ribeira Grande, para apreciar la belleza del cauce y de la vegetación de ribera que lo acompaña. A 1,5 km del aula, se encuentra una charca artificial que es un refugio crucial para diversas especies de anfibios, reptiles y libélulas. Su ubicación en el parque permite a estas especies llevar a cabo su ciclo de vida, desde la puesta hasta su desarrollo como adultos. Además, contribuye a favorecer y mejorar su hábitat. La vuelta se realiza por la pista que sube hacia el aula.

Ruta 4

Ruta da Auga / Ruta del Agua



Inicio / fin: Aula da Natureza

Inicio / fin: Aula de la Naturaleza

Descrición da ruta. Comeza na Aula da Natureza por unha pista que leva ao encoro das Portas, o segundo máis grande de Galicia. Nunha encrucillada onde comeza o ascenso ao pico da Ortiga (1.488 m), hai que tomar o desvío á dereita, sempre bordeando o cercado dos cervos. A uns 1.500 metros desde o inicio da ruta cóllese unha senda á dereita que, entre uces e piñeiros, leva ata o bordo do río Ribeira Grande. Desde aquí, o paseo continúa á beira do río, entre maravillosos exemplares de cerquiños, bidueiros e acivros, entre outras especies. Ao chegar á ponte principal que cruza o río, pódese empatar coa Ruta das Troitas ou coller á dereita para, despois dun breve ascenso, retornar cara á aula, fin e inicio da ruta.

Descrición de la ruta. Comienza en el Aula de la Naturaleza por la pista que lleva al embalse de As Portas, el segundo más grande de Galicia. En una encrucijada donde comienza el ascenso al pico de A Ortiga (1.488 m), hay que tomar el desvío a la derecha, siempre bordeando la cerca de los ciervos. A unos 1.500 metros desde el inicio se coge una senda a la derecha que, entre brezos y pinos, lleva hasta el río Ribeira Grande. Desde aquí, el paseo continúa por la orilla del río, entre ejemplares de melojos, abedules y acebos, entre otras especies. Al llegar al puente principal que cruza el río, se puede enlazar con la Ruta de las Truchas o coger a la derecha para, tras de un breve ascenso, retornar hacia el aula, fin e inicio de la ruta.

Ruta 5

Ruta da Corga / Ruta de A Corga



Inicio / fin: Aula da Natureza

Inicio / fin: Aula de la Naturaleza

Descrición da ruta. Neste percorrido achegámonos á Corga da Ortiga e gozaremos dunha fermosa vista do val da Ribeira Grande. A ruta ten dous tramos: o primeiro, de dificultade alta, sube á beira da corga e, por seguridade, só se debe facer subindo; o segundo, de dificultade media, pasa a carón do depósito de auga e das placas fotovoltaicas. Si se fai completa, ascéndese por un sendeiro á beira da corga onde se aprecia o bosque de ribeira e impresionantes fervezas. Ao regreso á Aula da Natureza, obsérvase o depósito de auga que ten tres funcións: antiincendios, subministración e eléctrica. No final da ruta atopamos a instalación fotovoltaica, que proporciona enerxía eléctrica.

Descrición de la ruta. En este recorrido nos acercamos a la Corga da Ortiga y disfrutaremos de una hermosa vista del valle de A Ribeira Grande. La ruta tiene dos tramos: el primero, de dificultad alta, sube al lado del arroyo y, por seguridad, solo se debe hacer subiendo; el segundo, de dificultad media, pasa junto al depósito de agua y de las placas fotovoltaicas. Si se hace completa, se asciende por un sendero al lado del arroyo en el que se aprecia el bosque de ribera e impresionantes cascadas. Al regresar al Aula de la Naturaleza, se observa el depósito de agua, que tiene tres funciones: antiincendios, abastecimiento y eléctrica. Al final de la ruta encontramos la instalación fotovoltaica, que proporciona energía eléctrica.

Ruta 6

Ruta da Ortiga / Ruta de A Ortiga



Inicio / fin: Aula da Natureza

Inicio / fin: Aula de la Naturaleza

Descrición da ruta. Ascende pola zona sueste do espazo protexido, desde unha cota de 930 metros na Aula da Natureza ata os 1.488 metros no pico da Ortiga, situado a 11 quilómetros do inicio. Desde aquí pódese contemplar o voo das aves rapaces de maior envergadura presentes no parque, así como a espectacular paisaxe do Invernadeiro e das serras de Queixa e de Manzaneda.

Descrición de la ruta: Ascende por la zona sureste del espacio protegido, desde una cota de 930 metros en el Aula de la Naturaleza hasta los 1.488 metros en el pico de A Ortiga, situado a 11 kilómetros del inicio. Desde aquí se puede contemplar el vuelo de las rapaces de mayor envergadura presentes en el parque, así como el espectacular paisaje de O Invernadeiro y de las sierras de Queixa y de Manzaneda.

A volta faise pola devesa limítrofe, onde é posible atopar exemplares e sinais de diferentes especies como o corzo ou o cervo. Despois dun forte descenso, unha pista chaira leva ao camiño inicial e á Aula da Natureza.

La vuelta se hace por la dehesa limítrofe; allí es posible encontrar ejemplares y señales de especies como el corzo o el ciervo. Después de un fuerte descenso, una pista llana lleva al camino inicial y al Aula de la Naturaleza.

CENTRO DE RECEPCIÓN DO PARQUE NATURAL O INVERNADEIRO

CENTRO DE RECEPCIÓN DEL PARQUE NATURAL O INVERNADEIRO

Ribeira Pequena, s/n
Vilariño de Conso - Ourense
CP 32547

Tel.: 988 386 376 - 988 386 029
servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.es

Visitas só con autorización previa Visitas solo con autorización previa

Horario
De 9.00 a 11.30 h
Aberto para visitas autorizadas
Abierto para visitas autorizadas

Visitas
Seis itinerarios sinalizados.
Seis itinerarios señalizados.

Observatorio de fauna (cercado de cervos e de cabras bravas).
Observatorio de fauna (cercado de ciervos y cabras salvajes).

AULA DA NATUREZA AULA DE LA NATURALEZA RIBEIRA GRANDE

Visitas só con autorización previa Visitas solo con autorización previa

Dirixidas a grupos de escolares (mínimo 15 e máximo 58 participantes).
Tempo máximo de estadia: 4 días, ampliables a 7 de xeito excepcional.

Dirigidas a grupos de escolares (mínimo 15 y máximo 58 participantes).
Tiempo máximo de estancia: 4 días, ampliables a 7 de manera excepcional.

A Aula da Natureza conta con 2 dormitorios individuais e 2 colectivos (28 literas cada un) destinados a investigadores e estudantes, sala de xogos e laboratorio-biblioteca.

El Aula de la Naturaleza cuenta con 2 dormitorios individuales y 2 colectivos (28 literas cada uno) destinados a investigadores y estudiantes, sala de juegos y laboratorio-biblioteca.

MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS

- 1. INFÓRMATE** das normas e dos itinerarios do parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo. Entra no Centro de Visitantes e Interpretación e pide información ou chama ao teléfono do parque (988 788 761) ou na web **Patrimonio Natural:** (patrimonionatural.xunta.gal).
- 2. EQUIPATE.** Leva roupa e calzado axeitados e realiza actividades acordes coas túas capacidades. Antes de facer unha ruta comproba a dificultade e o tempo que debes investir. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias, o 062 do Seprona e o 085 de incendios forestais.
- 3. MÓVETE UNICAMENTE POLAS RUTAS E SENDEIROS.** Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do parque, ademais de abrir novos camiños que provocan que a xente se perda; tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.
- 4. VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA.** Extrema a precaución para non molestar os animais ou danar a vexetación. Non cortes nin arrinques plantas. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso, o lixo contamina, pode causar dano aos animais e afeaa a contorna. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada piña, planta ou landra ten a súa función no ecosistema.
- 5. DEIXA O TEU COCHE NOS APARCADOIROS HABILITADOS.** Respecta a sinalización. Hai zonas onde non está permitida a circulación de vehículos motorizados.
- 6. RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA.** Pódese acceder con elas ao parque sempre que estean suxeitas con correa.
- 7. GOZA DO DEPORTE.** Se vés en bicicleta consulta as rutas que podes seguir. Se realizas algunha actividade en grupo organizado, será preciso autorización previa.
- 8. CONECTA COA NATUREZA** a través dos sentidos, camíña sen prisa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental ofertadas polo parque.
- 9. A AUGA É IMPRESCINDIBLE PARA A VIDA.** Os regatos son hábitat de vexetais e animais que nalgúns casos non se poden observar a simple vista, pero están aí, por iso non está permitido o baño fóra das zonas autorizadas. Non contamines a auga, mantéñamos a súa calidade e racionalicemos o seu consumo. É un recurso agotable.
- 10. O RUIDO** é outro tipo de contaminación, que molesta e pode provocar alteracións na fauna e na tranquilidade do lugar; evita.
- 11. COLABORA** coa conservación e xestión do parque natural. Lembra que non está permitida a acampada libre nin facer lume. Ayúdanos a mellorar coas túas achegas ao Centro de Visitantes e Interpretación ou a través do correo electrónico servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.es

- 1. INFÓRMATE** de las normas e itinerarios del parque para evitar impactos que afecten a sus valores. Consulta la previsión meteorológica. Entra en el Centro de Visitantes e Interpretación e pide información o llama al teléfono del parque (988 788 761) o entra en la web **Patrimonio Natural:** (patrimonionatural.xunta.gal).
- 2. EQUIPATE.** Lleva ropa y calzado adecuados y realiza actividades de acuerdo con tus capacidades. Antes de realizar una ruta comprueba la dificultad y el tiempo que debes invertir. Recuerda tener siempre cargado el móvil: el 112 es el número de emergencias, el 062 del Seprona y el 085 de incendios forestales.
- 3. MÚEVETE SOLAMENTE POR RUTAS Y SENDEIROS.** Transitar fuera de los senderos perturba la fauna y daña la flora y los hábitats del parque, además de abrir nuevos senderos provocando que las personas se pierdan; también puede ser una forma de introducir plantas exóticas.
- 4. VALORA ESTE TESORO Y NO DEJES HUELLA.** Extrema la precaución para no molestar a los animales ni dañar la vegetación. No cortes ni arranques las plantas. Recoge tus residuos y no dejes rastro de tu paso, la basura contamina, puede dañar a los animales y afeaa el entorno. Recuerda que no debes llevar más de lo que traes. Cada piña, planta o bellota tiene su función en el ecosistema.
- 5. DEJA TU COCHE EN LOS APARCAMIENTOS AUTORIZADOS.** Respecta la señalización. Hay zonas donde no se permiten vehículos motorizados.
- 6. RESPONSABILÍZATE DE TU MASCOTA.** Podrás acceder al parque con ellas siempre que vayan sujetas con una correa.
- 7. DISFRUTA DEL DEPORTE.** Si vas en bicicleta, consulta las rutas que puedes seguir. Si realizas alguna actividad en grupo organizado, necesitarás autorización previa.
- 8. CONÉCTATE CON LA NATURALEZA** a través de los sentidos, camina tranquilamente y disfruta. Puedes participar en cualquiera de las actividades gratuitas de educación ambiental que ofrece el parque.
- 9. EL AGUA** es esencial para la vida. Los arroyos son hábitat de plantas y animales que en algunos casos no se pueden ver a simple vista, pero están ahí, por lo que no se permite el baño fuera de las zonas autorizadas. No contamines el agua, mantengamos su calidad y racionalicemos su consumo. Es un recurso agotable.
- 10. EL RUIDO** es otro tipo de contaminación, que perturba y puede provocar cambios en la fauna y en la tranquilidad del lugar; evita.
- 11. COLABORA** con la conservación y gestión del parque natural. Recuerda que no está permitida la acampada libre ni las fogatas. Ayúdanos a mejorar con tus aportaciones al Centro de Visitantes e Interpretación o vía correo electrónico servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.es

MANUAL DE BUENAS PRÁCTICAS

